

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non se presentar reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 29 de xuño de 2021, de aprobación inicial da MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN O PÁRAMO , o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN O PÁRAMO

Engádense o artigo 3Bis. Obrigas dos propietarios do monte ou predios forestais.

Os propietarios do monte ou predios forestais terán a obriga inexcusable de poñer en coñecemento do Concello que a actividade da corta da plantación vaise levar a cabo. Terán que facilitar os datos do madeireiro que a vaia a realizar.

O incumprimento desta comunicación do propietario levará aparellada a responsabilidade subsidiaria, do mesmo polos danos causados nas vías públicas municipais como consecuencia da actividade da corta, depósito e transporte da madeira.

Contra o presente Acordo, interporase recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Páramo, 25 de agosto de 2021.- Alcalde, José Luis López López.

R. 2543

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 4 de agosto de 2021 o padrón do SAF do mes de xullo de 2021 e 24 de agosto o 2º Trimestre de 2021 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 24 de agosto de 2021.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2544